

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de outubro de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.40 horas do día 16 de outubro de 2019, reúnese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Miguel Caride Domínguez (deputado de **Democracia Ourensana**)

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2019

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de setembro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 18 de setembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EJERCICIO 2020 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EJERCICIO 2020.

A **Sra. interventora accidental** expón o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala en primeiro lugar que cre que o gasto de persoal debería estar reflectido de forma detallada na documentación remitida, aínda que tamén é certo que solicitou a dita información e xa se lle enviou. Pregunta tamén pola existencia dunha partida de 49.000 euros para gastos xurídicos, xa que se lle dixo que era para gastos dun proceso xudicial.

O **Sr. secretario** di que se trata dun recurso contencioso interposto pola CIG contra o prego do contrato do servizo de intervención en emerxencias e en concreto contra unha cláusula do dito prego no que se obrigaba á empresa adxudicataria a levar a cabo unha homoxeneización salarial á alza do persoal bombeiro dos parques comarcais, indicando que o recurso foi estimado polo Xulgado do Contencioso n.º 1 de Ourense, ao considerar que esa cláusula do prego debería terse negociado previamente cos traballadores, estando actualmente pendente dun recurso de apelación ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento para o exercicio 2020, conforme co proxecto aprobado polo pleno do Consorcio o 8 de outubro de 2019, por importe de 4.261.000 €.

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei

reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerárase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Unha vez definitivamente aprobado o orzamento do Consorcio inserírase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2020.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

4º ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 17.50 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.